

NORMATIVA TRAMITACIÓN KYUS FGJUDODA 2022

Aprobado pola Asemblea Xeral Ordinaria desta FGJudoDA celebrada o domingo día 24 de abril de 2022, expónse a continuación a nova normativa de tramitación de kyus e os seus os pormenores como continuación á circular nº 2-22 da Escola Federativa de data 28 de marzo á que substitúe.

Esta normativa que naceu produto da necesidade de adaptarnos ao novo sistema e metodoloxía de tramitación de kyus da Real Federación Española de Judo e D.A., é obrigatoria para todo o territorio nacional e imprescindible para a participación oficial nas competicións e para o acceso ao exame de cinto negro de judo e deportes asociados.

Por este motivo deixaron de facilitarse selos e carnés para o recoñecemento de kyus como se viña facendo até o de agora. Isto non quere dicir que deixen de ter validez os que están actualmente en circulación senón que a partir desta data os graos vanse emitir en formato de tarxeta individual nominativa.

- **NORMA XERAL DE TRAMITACIÓN:**

As novas tarxetas de grao non se tramitarán en calquera data senón exclusivamente entre os días 1 e 10 de cada mes previo pago do importe das mesmas, remitindo **unha única acta de solicitude por club** e mantendo exactamente o formato facilitado. Rematado este prazo deberase agardar ao mes seguinte para facer unha nova solicitude. Lembrar que no mes de agosto a Federación Galega de Judo e D.A. pecha as súas oficinas polo que non será posible facer esta solicitude neste mes.

- **ACREDITACIÓN DA POSESIÓN DO GRAO ANTERIOR NA PRIMEIRA TRAMITACIÓN:**

Ao solicitar por primeira vez calquera grao no novo sistema de xestión, o club deberá acreditar a posesión do grao anterior do federado remitindo **O CARNÉ DE SELOS DE GRAO ORIXINAL**, debidamente cumprimentado cos graos previos do federado dos que solicitase o trámite, por correo postal ou presencialmente nas nosas oficinas. A Federación Galega de Judo e D.A. unha vez verificado devolverá o carné ao club acompañado da nova tarxeta de grao solicitada.

Non será preciso presentalo en posteriores ocasións, quedando rexistrado na Federación Galega de Judo que o federado dispón do correspondente grao neste novo sistema.

- **OBSERVACIÓNS:**

Non se admitirán, a efectos desta normativa de tramitación, carnés con selos que foran manipulados ou corrixidos, tanto no relativo ao seu titular, como á disposición dos selos, que deben levar cubertos obrigatoriamente os datos do mestre que os asina (nome, apelidos, nº de título, etc.), así como a data de trámite.

Non obstante dada a novidade do sistema, aínda que xa foi informado en anteriores asembleas, a Federación Galega fixo unha xestión coa RFEJYDA para poder actualizar os graos, se fóra necesario, a todos e todas os federados/as que **NON TEÑAN POSIBILIDADE DE ACREDITACIÓN DOCUMENTAL DA POSESIÓN DOS GRAOS ANTERIORES AO ACTUAL**. Esta actualización poderá realizarse, nas condicións que a continuación detallanse, o longo deste ano 2022 polo que **o prazo para a actualización rematará definitivamente o 31 de decembro**:

• **ACTUALIZACIÓN DO GRAO:**

1) O profesor deberá enviar unha acta, entre os días 1 e 10 de cada mes, exclusivamente coa solicitude de **tarxetas de federados/as que queren actualizar os seus graos** por carecer do carné con selos.

2) Enviar o xustificante do ingreso, realizado previamente, co abono da actualización correspondente:

- No caso de federados que precisen acreditar o grao ata **AMARELO, AMARELO/LARANXA, LARANXA OU LARANXA/VERDE** *taxa única de actualización* de 15€.

- No caso de federados que precisen acreditar o grao ata **VERDE, VERDE/AZUL, AZUL OU AZUL/MARRÓN** *taxa única de actualización* de 30€.

3) O abono desta taxa de actualización NON leva incluída a emisión das tarxetas ás que fai referencia, exclusivamente se vai facer entrega da que corresponde ao grao actual que acredita a posesión das anteriores.

Todas as solicitudes de kyus deberán contar sempre coa licenza en vigor da tempada en curso. Rematado o prazo deste ano ao non ser posible actualizar os graos, o federado deberá avanzar en cada kyu, se procede, seguindo as recomendacións de prazos recollidas no regulamento da Escola Federativa Nacional (dous máximo por ano).

O que comunicase para coñecemento e efectos na Coruña a 25 de abril de 2022.



Asdo. María M. Bello Barral
- Secretaria Xeral FGJUDO -